

ESCRITO DE QUEIXA.

LUIS REI NÚÑEZ, con D.N.I: 32.431.236-V, como voceiro de Marea Pontevedra, con enderezo na rúa Cruz Vermella número 22, baixo, presenta o seguinte ESCRITO DE QUEIXA polos seguintes feitos.

1.- No BOE do 13 de decembro de 2018 aparece publicado o anuncio da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia sobre Resolución do Ministerio de Fomento de Aprobación Provisional e orden de incoación do Expediente de Información Pública do "Documento Técnico para Información Pública Autovía A-57. Tramo: A Ermida – Pilarteiros. Provincia de Pontevedra" e do Estudo de Impacto Ambiental, aos efectos da Lei 37/2015 de Carreteras e da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental. Clave: 12-PO-4210, no seguinte enlace:

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-B-2018-58814

2.- Que o prazo de 30 días hábiles remata, segundo o cómputo dos prazos o 28 de xaneiro de 2019, segundo a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.- Que na publicación da páxina web do ministerio de fomento aparece unha ampliación ata o 4 de febreiro de 2019, descoñecéndose a discrecionalidade esta decisión, e que ademais esta xera confusión entre a veciñanza posto que non se sabe cal é a data última da presentación das alegacións.

<https://www.fomento.gob.es/el-ministerio/buscador-participacion-publica/clave-12-po-4210>

4.-Que nun tema tan serio como este, no que está en xogo a tranquilidade e a paz social, xa que esta estrada indignou por ser unha vía paralela a AP-9 molesta especialmente que as cousas non se fagan conforme aos procedementos establecidos, xerando indefensión e confusión, posto que si nos atemos ao que se transmite nos documentos oficiais o prazo remata o 28 de xaneiro, cando se cumpren os 30 días hábiles, podendo sinalarse a mala fe

desta ampliación que non consta en ningún documento oficial, xa que pode darse o caso que a veciñanza se confíe nunha ampliación que non é real e que tería como obxectivo que as alegacións ao mesmo non se presenten en prazo.

5.- que non existe ningunha garantía de dita ampliación, por tanto non se entende a limitación e as trabas que nos diferentes rexistros se están a impor a veciñanza limitándose a presentación de ditas alegacións a 10 por persoa e día.

6.- Que se non se habilitou unha xanela única para a presentación destas alegacións, e que xeran incomodidade pola falta de persoal e recursos materiais nos rexistros que se ven desbordados.

Por todo o exposto, remítese o ESCRITO DE QUEIXA para solicitar:

1.- A ampliación do prazo de alegacións polos cauces procedimentais oportunamente establecidos, e recollidos mediante publicación oficial.

2.- A publicación e a transparencia de dita ampliación

3.- A retirada das limitacións da presentación de alegacións.

E por todo o exposto, asínase a presente en Pontevedra a 25 de xaneiro de 2019.

DIRIXIDO A UNIDADE DE CARRETERAS DE FOMENTO EN PONTEVEDRA.